

## CAPITULO I DISPOSICIÓN XERAIS



### SECCIÓN PRIMEIRA: PRINCIPIOS XERAIS

#### **Artigo 1.- Normativa aplicable.**

En aplicación do disposto na Lei 30/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confeccionase a seguinte normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno: Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Baloncesto, con representatividade durante o período 2014 a 2018.

#### **Artigo 2.- Ano de celebración.**

As eleccións terán lugar dentro do ano que corresponda á celebración dos Xogos Olímpicos de Inverno.

#### **Artigo 3.- Carácter do sufraxio.**

O sufraxio terá carácter libre, igual, directo e segredo por e entre os compoñentes de cada estamento.

#### **Artigo 4.- Regulamento electoral provisional e definitivo.**

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de Baloncesto será remitido á Secretaría Xeral par ao Deporte da xunta de Galicia de conformidade co artigo 7.4 da Orde de 8 de setembro de 2010, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algunha entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Solicítase a Asemblea Xeral da Federación Galega de Baloncesto, no caso de que houbera que subsanar algunha deficiencia no mesmo regulamento electora, que delegue e autorice á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á



aprobación da Asemblea Xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría Xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva, e o mesmo será exposto na páxina Web da Federación ([www.fegaba.com](http://www.fegaba.com)).

## SECCIÓN SEGUNDA: CONVOCATORIA DE ELECCIÓN.

### **Artigo 5.- Realización da convocatoria.**

1. A convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia da Federación será realizada polo Presidente da Federación o día 18 de setembro do 2014 seguirá o proceso electoral establecido no calendario electoral.
2. A Convocatoria de eleccións será notificada, cun prazo de antelación mínimo de cinco días dende a data da convocatoria.
3. A partir da convocatoria das eleccións a Xunta Directiva da Federación constituirase en Comisión Xestora e o Presidente en Presidente en funcións, non podendo realizar, tanto a Comisión Xestora como o Presidente máis que actos de mera administración e xestión ordinaria da Federación.
4. Se algún membro da Comisión Xestora, incluído o Presidente en funcións da Federación se presenta como candidato á Presidencia, deberá presentar a súa dimisión como membro da Comisión Xestora, con anterioridade á presentación da súa candidatura á Presidencia da Federación.
- 5.- A convocatoria debe ser exposta de feito obrigatorio na páxina web da Federación, así como comunicada a Secretaría Xeral para o Deporte.
- 6.- Os horarios de apertura das sedes federativas serán os seguintes: Santiago de Luns a Venres de 09.30 a 14.00 hrs e de 16.30 a 20.00; no resto de delegacións o horario será Luns a Venres de 16.30 a 20.00 hrs.

### **Artigo 6.- Contido da convocatoria.**

A notificación da convocatoria de eleccións deberá conter cando menos, os seguintes datos:

- a) Regulamento Electoral e prazos do Calendario electoral.
- b) Lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
- c) Lugar de consulta dos censos electorais así como dos procedementos establecidos para as reclamacións destes, garantindo o acceso á súa consulta a todos os membros da Federación interesados.
- d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.



e) Composición e sede da Xunta Electoral da Federación.

### Artigo 7.- Publicidade da convocatoria

A notificación da convocatoria de eleccións será notificada cun prazo de antelación mínimo de cinco días dende a data do inicio da convocatoria, a través dun medio que permita asegurar a recepción da notificación cando menos, aos clubs integrantes da Federación Galega de Baloncesto.

Ao obxecto de darlle a máxima publicidade e difusión utilizaranse os medios telemáticos, electrónicos e informáticos dos que dispoña a Federación Galega de Baloncesto. En calquera comunicación que se faga por este medio, deixarase constancia, mediante os procedementos que procedan, da data reexposición e comunicación.

En todo caso, a convocatoria deberá ser publicada nos taboleiros de anuncios da Federación Galega de Baloncesto e de todas as Delegacións. Esta publicación será avalada, mediante certificación que será exposta xunto coa documentación anterior, polo Secretario Xeral da Federación.

Tamén será comunicada a Secretaría Xeral para o Deporte, de conformidade co artigo 7.4. da Orde de 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

### SECCIÓN TERCERA: O CENSO ELECTORAL



### Artigo 8.- Contido do Censo Electoral.

1. O censo electoral incluirá as persoas físicas e xurídicas que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co artigo 15 do presente regulamento.
2. Ademais, incluíranse os seguintes datos:
  - a) Para os/as deportistas, técnicos/adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa e número de Documento Nacional de Identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defectos para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estes efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio
  - b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do Presidente e Secretario. Os datos dos Clubs deberán ser coincidentes

cos datos contados no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discordancia entre os datos obrantes no Rexistro da Federación e os obrantes no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa corrección.

Os datos contidos no Censo electoral gozarán da protección do previsto na LO15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela. Co fin de facilitar a participación e integración na actividade deportiva da Federación, os candidatos proclamados a membros da asemblea xeral poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen cada estamento, cos datos de carácter persoal contidos na

licenza federativa. No caso dos candidatos proclamados á Presidencia, poderán dispoñer do censo de persoas que conforman a asemblea xeral, cos mesmos datos de carácter persoal facilitados na licenza federativa.

#### Artigo 9.- Electores incluídos en varios estamentos.

1. Os membros da FGB que pertencen a dous ou máis estamentos no censo electoral deberán optar por un deles por escrito á Xunta electoral, escrito que deberá cursarse no prazo de reclamacións ao censo.

2.- De non exercer esta opción no prazo, os electores que se atopen en varios estamentos no censo electoral provisional quedarán incluídos nun só estamento segundo o seguinte criterio:

-No estamento de técnicos/as, os que sexan incluídos no censo de deportistas e técnicos.

-No estamento de árbitros e xuíces, os que se atopen no censo de deportistas ou técnicos e xuíces ou árbitros

3- A Xunta Electoral fará as modificacións no Censo que se deban efectuar como consecuencia do exposto no apartado anterior, procedendo a súa publicación no momento do censo definitivo.



### Artigo 10.- Publicación e Reclamacións

1.O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da Xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación e das Delegacións territoriais de habelas, así como na páxina web da Federación, sen perjuicio da protección da que gozan os datos, os candidatos proclamados membros da Asemblea poderán dispor do respectivo censo de persoas que compoñen cada estamento, cos datos de carácter persoal contidos na licenza. Nos casos dos candidatos proclamados á presidencia, poderán dispor do censo de persoas que conforman a Asemblea Xeral, cos mesmos datos de carácter persoal facilitados na licenza federativa.

2. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.

3. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto no LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

### SECCIÓN CUARTA: A XUNTA ELECTORAL.

#### Artigo 11.-Convocatoria.


A Xunta Electoral convocarase de forma simultánea á convocatoria de eleccións

#### Artigo 12.- Composición e requisitos.

1. A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura.

Os membros da Xunta deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da Asemblea Xeral.
- d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Baloncesto.
- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.



2. No caso de non presentación de candidatos a membros da Xunta Electoral, o Presidente da Federación proporalle á Asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán, así mesmo, reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
3. Actuará como presidente e secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría dos votos.

### Artigo 13.- Funcións.

#### 1. Son funcións da Xunta Electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a Asemblea Xeral, Presidente da Federación e Comisión Delegada, segundo o disposto no Regulamento Electoral.
- c) Designar a mesa electoral de conformidade co previsto no regulamento electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Proclamación candidaturas e resultados electorais.
- f) Garantir a exposición dos censos, candidaturas o outros documentos. A estes efectos, os censos, candidaturas e outros documentos procedentes da Xunta Electoral serán expostos na Federación Galega de Baloncesto.
- g) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- h) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto pro correo, ata a súa finalización
- i) O traslado aos organismos disciplinarios competentes das infraccións que eventualmente se produzan no proceso electoral.

### Artigo 14. Sede e funcionamento.

1. A Xunta Electoral establecerá a súa sede na da Federación Galega de Baloncesto, sita no Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 14, Santiago de Compostela.
2. A Xunta Electoral funcionará con carácter permanente durante todo o proceso electoral, reuníndose os membros tantas veces sexa preciso. Actuará ben de oficio ou ben a instancia de parte en relación coas súas competencias.

Para a validez das súas reunións, requirirase a concorrencia da maioría dos seus membros.

De cada sesión levantara acta que asinarán todos os asistentes.



## CAPITULO II ELECCIÓN DA ASAMBLEA XERAL

### SECCION PRIMEIRA: COMPOSICIÓN DA ASAMBLEA XERAL

#### Artigo 15.- Composición.

1. A Asemblea Xeral da Federación Galega de Baloncesto estará integrada por 60 membros.

Así mesmo, no estamento de clubs haberá membros natos e membros electos.

2. Os Estamentos con representación na Asemblea Xeral serán os seguintes:

Clubs e Entidades Deportivas: 39 membros

Deportistas: 12 membros

Adestradores - Técnicos: 4 membros.

Árbitros, Oficiais de Mesa e Técnicos Arbitrais: 5

3.- A distribución na Asemblea Xeral dos distintos estamentos axustarase ás seguintes proporcións:

Entidades Deportivas: 65,00 %

Deportistas: 20,00%

Adestradores - Técnicos: 6,66%

Árbitros, Oficiais de Mesa e Técnicos Arbitrais: 8,33 %



4.- O Presidente da Federación desempeñará a presidencia da Asemblea Xeral.

5. A representación dos clubs corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme aos estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fehacientemente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figuren expresamente os representantes legais da entidade.

6. Non cabe representación das persoas físicas.

7. Ningún membro da Asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

**Artigo 16.- Membros natos da Asemblea polo estamento de clubs.**

Conforme o establecido na Orde de 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da Asemblea Xeral o seguinte:

Serán membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de clubs, aqueles cinco que posúan un maior número de licenzas, así como outros cinco que teñan participado no maior número de competicións oficiais ou actividades oficiais no caso das federacións nas que as actividades máis relevantes non sexan actividades competitivas. Para a determinación dos membros natos pola participación en competicións ou actividades, valorarase tanto o

número de competicións ou actividades en que se participa como número de deportistas participantes.

Conforme ao anterior baremo, son membros natos da Asemblea os seguintes clubs:

**Por maior número de licenzas:**

- 1.- Club Basket Coruña
- 2.- Fundación Educación e Deporte
- 3.- Club Estudiantes de Lugo.
- 4.- Club Seis do Nadal
- 5.- Club Baloncesto Peleteiro.

**Por maior número de competicións**

- 1.- Porriño Baloncesto Base
- 2.- Club Baloncesto Maristas Coruña.
- 3.- Club Baloncesto Arxil.
- 4.- Porta XI Club Baloncesto
- 5.- Club Baloncesto Cluny de Santiago.

**SECCIÓN SEGUNDA: ELECTORES E ELIXIBLES****Artigo 17.- Condición de electores e elixibles**

Poderán ser electores e elixibles:

- a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros) os que reúnan seguintes requisitos:

- Ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións.





- Ter licenza federativa en vigor e dende, polo menos, o 1 de xaneiro do ano inmediatamente anterior ao da convocatoria de eleccións.
- Ter participado nun mínimo dunha competición da federación na tempada anterior a convocatoria de eleccións.

b) No caso do estamento de Entidades deportivas: aquelas entidades, que estean inscritos no ano da convocatoria de eleccións, na federación e no Rexistro de Entidades deportivas de Galicia e teñan participado competicións deportivas ou desenvolvido outro tipo de actividades deportivas ca Federación Galega de Baloncesto. Para estes efectos e con carácter mínimo, deberán ter participado en catro competicións ou actividades entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non serán elixibles aquelas entidades deportivas que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos, de conformidade co disposto no artigo 11º.

#### Artigo 18. – Inelixibilidades.

No serán elixibles as persoas físicas ou xurídicas que incorran nalgunha causa de inelixibilidade establecida polo normativa vixente.

#### SECCIÓN TERCEIRA: CIRCUNSCRICIÓNS ELECTORAIS

#### Artigo 19. – Circunscricións electorais dos estamentos.

Nos estamentos de Clubs e deportistas haberá tantas circunscricións electorais como provincias, co mesmo ámbito xeográfico.

Nos restantes estamentos a circunscrición electoral será única con ámbito en todo o territorio da Federación Galega de Baloncesto.

#### Artigo 20.- Distribución dos representantes dos estamentos entre as diversas circunscricións electorais.

O número de membros a elixir en cada circunscrición será:

#### A) CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS:

Provincia da Coruña: 12 asembleístas



- Provincia de Lugo: 4 asembleístas
- Provincia de Ourense: 4 asembleístas
- Provincia de Pontevedra: 9 asembleístas

#### B) DEPORTISTAS MASCULINOS

- Provincia da Coruña: 2 asembleístas
- Provincia de Lugo: 2 asembleístas
- Provincia de Ourense: 2 asembleístas
- Provincia de Pontevedra: 2 asembleístas

#### C) DEPORTISTAS FEMININOS

- Provincia da Coruña: 1 asembleístas
- Provincia de Lugo: 1 asembleístas
- Provincia de Ourense: 1 asembleístas
- Provincia de Pontevedra: 1 asembleístas

#### D) ÁRBITROS, OFICIAIS DE MESA E TÉCNICOS ARBITRAIS.

Elixirán 5 asembleístas no ámbito da Federación Galega de Baloncesto.

#### E) TÉCNICOS E ADESTRADORES

Elixirán 4 asembleístas no ámbito da Federación Galega de Baloncesto.

#### SECCIÓN IV: PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS



### Artigo 21.- Presentación de candidaturas.

1. Poderá ser candidato a membro da Asemblea Xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a Xunta Electoral.
2. Para a solicitude establecerase un prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.

### Artigo 22.- Proclamación de candidaturas.

Unha vez presentadas as candidaturas, a Xunta Electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web da Federación. Haberá un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións á Xunta Electoral, e esta deberá resolver no prazo de dous días hábiles.

A proclamación definitiva de candidatos levarase a cabo de acordo co calendario electoral.

### SECCIÓN QUINTA: MESAS ELECTORAIS

#### Artigo 23.-Mesa Electoral.

1.-Para a elección de membros da Asemblea Xeral, constituiranse sete Mesas Electorais para facilitar o voto, correspondendo as seguintes

- Circunscrición de A Coruña:

- \* Estadio San Lázaro Porta 14 – SANTIAGO
- \* Rúa San Andrés, 139-9º - A CORUÑA
- \* Avda. Castelao s/n.- Casa do Deporte- FERROL

- Circunscrición de Lugo: Avda. da Infanta Elena s/n.- LUGO

- Circunscrición de Pontevedra:

- \* Avda. Hispanidad, 75-1º Dcha. VIGO
- \* Arzobispo Lago, 17-Entlo. B. VILAGARCIA

- Circunscrición de Ourense: Rúa Antonio Noriega Varela 12.- Ourense



FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO



As mesas electorais estarán composta por tres membros titulares (presidente, secretario e vocal) e tres suplentes. Serán elixidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os integrantes do censo definitivo, conforme o disposto no presente regulamento.

Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral. A non asistencia a estas poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario de conformidade co establecido no lei 3/2012, do Deporte de Galicia.

Para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 48 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

2. Son competencias da Mesa Electoral:

- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- Levantar acta dos votos emitidos, resultados e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houbera, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

3. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houbera, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá publicala no taboleiro de anuncios da súa sede así como na páxina web da Federación Galega de Baloncesto.

4. Os membros da Mesa Electoral serán indemnizados con 50 € a fin de sufragar os gastos que se lles poidan xerar.

5. O lugar, data e hora para a celebración do sorteo será determinado pola Xunta Electoral

## SECCIÓN SEXTA: VOTACIÓN

### **Artigo 24. – Desenvolvemento da votación.**

1. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que figura no Calendario Electoral. O horario da mesma será de 16.30 a 20.00 hrs.
2. Só por causa de forza maior poderá non iniciarse ou interromperse a votación. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos, nin se procederá ao seu escrutinio. En tal caso, a Xunta Electoral procederá a fixar data inmediata para celebrar de novo a votación.



3. O voto por correo rexeráse polo disposto no artigo 28 deste Regulamento.

**Artigo 25. – Acreditación do elector.**

O dereito a votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponderá o seu presidente ou persoa que

conforme os estatutos lle corresponda, debéndose acreditar, fehacientemente dita representación mediante certificación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figuren os representantes legais da entidade.

**Artigo 26. – Emisión do voto.**

1. Cada elector poderá votar, como máximo, a tantos candidatos como corresponda elixir en cada circunscrición polo estamento ao que pertenza.
2. O Secretario comprobará a inclusión no censo e a identidade do votante. A continuación, o Presidente introducirá o sobre co voto na urna. En ningún caso se admitirán papeletas sen sobre ou en sobre non oficial.
3. Existirá un lugar oculto á vista do público con papeletas, onde o elector poida introducir o seu voto nun sobre antes de emitilo.

**Artigo 27. – Urnas, sobres y papeletas.**

1. As urnas serán transparentes e pechadas e haberá unha por cada sección.
2. Os sobres e as papeletas axustaranse ao modelo oficial que se estableza na convocatoria.

**Artigo 28. – Peche da votación.**

1. Chegada a hora de finalización da votación, o Presidente dará conta deste feito aos presentes en voz alta e non permitirá entrar a ninguén máis no local. Seguidamente, preguntará se algún dos electores presentes aínda non votou e admitiranse os votos que estes emitan.

2. A continuación votarán os membros da Mesa e os interventores, no seu caso.



**Artigo 29 – Voto por correo.**

1.- Só será admisible o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2.- O exercicio do voto por correo deberá ser solicitado polo interesado á Xunta Electoral, desde a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse personalmente, mediante correo certificado, burofax ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.

3.- Recibida pola Xunta Electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición do solicitante no Censo, resolvendo o procedente. No caso de estar inscrito realizarase a anotación correspondente no censo e estenderase un certificado de autorización de voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en Branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría Xeral para o Deporte.

A Xunta Electoral deberá emitir e remitir este certificado dentro dos dous días seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urxente con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre das votacións oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio de voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para o Deporte, publicándose asemade na páxina web da Federación.

4.- O elector introducirá a papeleta do voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola Xunta Electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

**Anverso**

Secretaría Xeral para o Deporte  
Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 4  
15781 Santiago de Compostela



Elección á Asemblea Xeral da Federación Galega de Baloncesto

Reverso

Nome e apelidos do remitente

Estamento de (o que corresponda)

Modalidade ou especialidade (a correspondente, de ser o caso)

Circunscrición electoral pola que se exerce o voto (a finalidade é que se poida identificar a mesa na que a Secretaría Xeral para o Deporte depositará os votos así emitidos).

A secretaria Xeral para o deporte remitirá a Mesa Electoral sita en Santiago, no Estadio de San Lázaro Porta 14 os votos por correo.

5.- A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con seis días de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría Xeral para o Deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial dos membros da mesa poidan abrílos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

Prevalecerá o voto persoal sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

**SECCIÓN SÉTIMA: ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE RESULTADOS**

**Artigo 30.- Escrutinio**

1.- Terminadas as operacións detalladas na Sección anterior do presente Regulamento, o Presidente declarará pechada a votación e cada sección iniciará o escrutinio. Un membro de cada Sección irá extraendo un a un os sobres da urnas, abrindoos, lendo en voz alta os nomes dos candidatos votados e exhibindo cada papeleta aos interventores presentes. Ao final comprobarase o número total de papeletas co de votantes anotados.

2.-Serán nulos:

a) Os votos emitidos en papeletas non oficiais, así como os emitidos en sobres que conteñan máis dunha papeleta, salvo que as incluídas foran idénticas.

b) Os votos emitidos en favor dun número de candidatos superior ao máximo establecido para cada estamento nas circunscricións correspondentes.



3.- Feito o reconto de votos, o Presidente preguntará se hai algunha protesta que formular contra o escrutinio e non facéndose, ou despois de resoltas por maioría da Mesa as que se presentaran, anunciará en voz alta o seu resultado, especificando o número de votantes, o de papeletas lidas, o de papeletas inadmitidas, o de papeletas en branco, o de papeletas nulas e o de votos obtidos por cada candidatura.

4.- As papeletas extraídas das urnas destruíranse en presenza dos concorrentes, con excepción de aquelas ás que se houbera negado validez ou que foran obxecto dalgunha reclamación, as cales se unirán á acta tras ser rubricadas polos membros da mesa.

5.- O reconto do voto emitido por correo e a apertura da correspondencia electoral remitida polos electores que se acolleran a este procedemento realizarase pola Mesa Electoral con posterioridade ao escrutinio e computo do voto presencial.

Será aplicable ao escrutinio do voto por correo o disposto nos apartados anteriores.

En todo caso, serán declarados nulos os votos por correo emitidos polos electores que votaran presencialmente, considerándose válido o voto emitido por este último procedemento que terá preferencia sobre o voto por correo.

Levantarase unha acta do voto por correo que complementará as correspondentes ao voto presencial.

### Artigo 31.- Proclamación de resultados.

1.- Finalizado o escrutinio, a acta, as papeletas nulas, as inadmitidas e as que foran obxecto de reclamación remitiranse por correo certificado e urxente á Xunta Electoral.

2.- A Xunta Electoral, unha vez recibida a documentación de todas as circunscricións e resoltas as dúbidas e reclamacións que se plantexaran, proclamará os resultados definitivos das eleccións.

3.- No caso de empate a votos entre dous ou máis candidatos, resolverase do seguinte modo:

No caso das Entidades Deportivas ou persoas xurídicas: a Entidade Deportiva de maior antigüidade na FGB.

No caso de persoas físicas a de maior idade.





4.- Cando o numero de candidatos de calqueina estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros a elixir, non será necesaria a celebración de eleccións, dando continuidade ao proceso electoral.

5.- Non obstante, en caso de que en algún estamento da Asemblea houberse máis dun vinte por cento de vacantes, unha vez rematado o proceso electoral, nun prazo máximo de tres meses, o Presidente da FGB convocará elección neste estamento ata cubrir as vacantes.

6.- Os prazos para reclamacións ás proclamacións de resultados provisionais serán de dous días hábiles así mesmo a súa resolución terá tamén un prazo de dous días hábiles.

#### **Artigo 32.- Perda da condición de membro electo.**

Se un membro electo da Asemblea Xeral perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela.

#### **Artigo 33.- Cobertura de vacantes sobrevidas na Asemblea Xeral**

Os candidatos que non resultaran elixidos integrarán unha lista de suplentes para cada estamento, ordenada de acordo co número de votos obtidos. Esta lista servirá para cubrir, de forma automática, as vacantes que vaian xurdindo na Asemblea Xeral con posterioridade as eleccións.

### **CAPITULO III**

#### **ELECCIÓN DE PRESIDENTE**

##### **SECCIÓN PRIMEIRA: FORMA DE ELECCIÓN.**

#### **Artigo 34.- Forma de elección**

O Presidente da Federación Galega de Baloncesto será elixido na primeira reunión da nova Asemblea Xeral, polos membros desta presentes no momento da elección, os cales deberán ser a metade máis un dos membros da Asemblea. A convocatoria desta Asemblea terá como único punto na orde do día a "Elección de Presidente e Comisión Delegada".

#### **Artigo 35.- Convocatoria**

A convocatoria de eleccións a Presidente realizarase de forma conxunta coa da primeira reunión da Asemblea Xeral

### Artigo 36.- Elixibles

1.- Poderá ser candidato a Presidente calquera persoa, coa condición política de galego e maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. O candidato a Presidente non terá que ser membro da Asemblea Xeral da Federación. A persoa que resulte elixida como presidente no poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa e terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da federación galega correspondente, nin ostentar a presidencia dun club deportivo que se integre na Federación Galega de Baloncesto. Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela. O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultase elixido.

O artigo 3.1. da Lei 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia di en referencia á condición política de galego que, gozan desta condición os cidadáns españois que, de acordo coas Leis Xerais do Estado, teñan a vecindade administrativa en calquera dos Municipios de Galicia.

2.- Non poderá ser candidato ningún membro da Comisión Xestora. Se algún membro da Comisión Xestora desexara presentar a súa candidatura á Presidente, deberá con carácter previo abandonar dita Comisión.

### SECCIÓN SEGUNDA: PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS



### Artigo 37.- Presentación de candidaturas.

A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, nas súas delegacións ou calquera outro lugar que fixe o regulamento electoral, mediante escrito dirixido á Xunta electoral.

As candidaturas presentarse no prazo de dous días hábiles, mediante escrito de solicitude de presentación asinado polo interesado e dirixido á Xunta Electoral, no que deberán figurar o seu domicilio, e a o que se axuntarán fotocopia do seu DNI.




### Artigo 38.- Proclamación de Candidaturas

Finalizado o prazo establecido no artigo anterior, a Xunta Electoral efectuará a proclamación de candidaturas nun prazo non superior a vinte e catro horas e enviará aos membros elixidos da Asemblea Xeral a relación de candidatos proclamados.

Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web, ou na da Secretaría Xeral para o Deporte, no caso de non existir aquela. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo definido do regulamento electoral, como mínimo, será de dous días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo máximo de dous días hábiles seguintes.

A xunta electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no puntos anterior, a lista definitiva de candidatos á presidencia.

### SECCIÓN TERCEIRA: MESA ELECTORAL



### Artigo 39 Composición da Mesa Electoral.

- 1.- A Mesa Electoral estará integrada por tres membros da Asemblea Xeral, non candidatos elixidos por sorteo.
- 2.- A condición de membros da Mesa ten carácter obrigatorio.
- 3.- Actuará como Presidente da Mesa Electoral o membro de maior idade e como Secretario o membro máis novo.
- 4.- Na mesa electoral poderá intervir un interventor por candidatura.

### Artigo 40. Funcións da Mesa Electoral.

Serán de aplicación o artigo 23 do presente Regulamento para a elección á Asemblea Xeral.

### SECCIÓN CUARTA: VOTACIÓN, ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE RESULTADOS.

### Artigo 41.- Desenvolvemento da votación e proclamación de resultados.


- 1- No día e hora fixados no calendario, constituirase a asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos na orde do día a elección a presidente e membros da comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.
- 2- Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación dos clubs realizarase conforme o establecido no artigo 17 apartado b), e non se admitirá que unha persoa posúa a representación de máis de un club.
- 3- Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, e iniciará, a seguir, o proceso de votación.
- 4- A continuación, os candidatos exporán os seus programas, e precederá posteriormente á votación en urna para elección do presidente, que será secreta.
- 5- A xunta electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da asemblea só poderá votar a un candidato.

O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións:

- Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes pasarán a seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos pasarán a seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado presidente.

- Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións establecidas, obtivesen polo menos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

- No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederá a unha nova votación entre os dous máis votados, no prazo establecido no calendario electoral, e resultará elixido o que obteña maioría de votos.



- 6.- Rematada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.
- 7.- No caso de que existirán soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. En caso de empate, a mesa electoral levará a cabo un sorteo, entre os candidatos afectados polo mesmo, que decidirá quen será Presidente.
- 8.- No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
- 9.- Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a Comisión Xestora administrará a Federación e convocará novas eleccións no prazo de tres meses.
- 10.- Rematada a elección, a acta do resultado será remitida á Xunta Electoral.

Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a Xunta Electoral proclamará Presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo de 10 días.

- 11.- Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados desde a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, e levantará acta da documentación entregada remitiralle copia desta á Secretaría Xeral para o Deporte.
- 12.- Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

#### CAPITULO IV

#### ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA



#### Artigo 42.- Composición e forma de elección.

1.-A Comisión Delegada estará composta polo Presidente da Federación e 12 membros máis, elixidos polos membros da Asemblea Xeral e entre eles.

Os diferentes estamentos estarán representados na Comisión Delegada de acordo coa seguinte distribución:



Clubs: oito membros

Xogadores: dos membros.

Adestradores: un membro

Árbitros: un membro

2.- A Comisión Delegada será elixida mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo.

Reunida a Asemblea Xeral e constituída a Mesa Electoral, darase un prazo de trinta minutos para todos aqueles asembleístas que quixesen presentar as súas candidaturas polos seus estamentos á Comisión Delegada.

Dita candidatura presentárase por medio dun documento confeccionado pola Xunta Electoral ao efecto. Para levar a cabo esta elección, deberá haber tantas urnas como estamentos representados na Asemblea.

En caso de empate nalgún estamento entre os seus candidatos, celebrarase nova votación pasados trinta minutos. Persistirase, irá a sorteo entre os candidatos empatados.

## CAPITULO V

### RECURSOS

#### Artigo 43.- Recursos ante a Xunta Electoral

Os recursos ante a Xunta Electoral serán presentados persoalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en Dereito a presentación do escrito, na sede federativa mediante escrito dirixido ao Presidente da Xunta Electoral.


#### Artigo 44.- Prazos

Os prazos para a presentación dos Recursos, así como os de resolución da xunta electoral, serán de dous días hábiles, salvo nos casos nos que o presente regulamento ou a Orde de 8 de setembro de 2010 establezan outros distintos.



### Artigo 45.- Recurso ante a Segunda Instancia.

1. Contra os acordos da Xunta Electoral procederá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, cuxa resolución porá fin á vía administrativa.
2. Están lexitimados para a presentación de recursos ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades afectadas polos acordos da Xunta Electoral.
3. Os prazos para formalizar o recurso serán de tres días hábiles dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso, ou se for o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada (Artº 57 do Decreto 120/2013)
4. O escrito de interposición do recurso deberá contar:
  - Nome, DNI e domicilio da persoa física ou Denominación e enderezo social do ente asociativo interesado.
  - Lexitimación para interpoñer o recurso.
  - Acto que se recorre.
  - Consideración de feitos e fundamentos de dereito no que se baseen as pretensións.
  - Concreción das pretensións.
  - Lugar, data e sinatura.



11 setembro 2014	Comunicación da convocatória de eleccións ás entidades deportivas e á Secretaría Xeral para o Deporte
18 setembro 2014	Convocatoria de eleccións (publicación nos taboleiros da Federación e na web da FGB) Exposición pública do censo provisional por prazo mínimo de dez días hábiles. Inicio do prazo para presentar reclamacións ao censo provisional Disolución da Xunta Directiva e transformación en Comisión Xestora. Constitución da Xunta Electoral. Inicio do prazo para solicitar o voto por correo.
18/09/14-10/10/14.	Prazo para interpoñer reclamacións ao censo provisional.
16 outubro 2014	Fin do prazo de resolución das reclamacións ao censo provisional pola xunta electoral. Publicación do censo definitivo Inicio do prazo para presentar candidaturas á Asamblea.(trés días hábiles dende a publicación do censo definitivo: artigo 21 Regulamento Electoral).
18 outubro 2014	Finaliza o prazo para solicitar o voto por correo (2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo).
20 outubro 2014	Finaliza o prazo para presentar candidaturas á asamblea (3 días hábiles dende a publicación do censo definitivo: artigo 21.2 Regulamento Electoral). Proclamación provisional de candidatos á Asamblea da FGB.
21 e 22 outubro 2014	Prazo para presentar reclamacións contra a proclamación provisional de candidatos á asamblea (2 días hábiles)
23 e 24 de outubro 2014	Prazo de resolución pola xunta electoral das reclamacións ás candidaturas provisionais á Asamblea da FGB-.
24 de outubro 2014	Proclamación definitiva de candidaturas á Asamblea da FGB.
27 outubro 2014	Finaliza o prazo para que a xunta electoral remita o certificado de autorización dos votos por correo (2 días seguintes á proclamación definitiva de candidatos á Asamblea).
5 novembro de 2014	Fin do prazo para presentar os votos por correo nas oficinas de correos.
12 DE NOVIEMBRE 2014	<b>ELECCIÓN A MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL.</b> Exposición das listas provisionais de membros electos.
13 e 14 novembro 2014	Prazo de reclamacións de membros da Asemblea Xeral (Prazo: 2 días hábiles)
15 e 17 novembro 2014	Prazo para a resolución de reclamacións de membros da Asemblea Xeral (2 días hábiles)
17 novembro 2014	Exposición da composición definitiva da Asemblea Xeral.
18-19 novembro 2014 .	Prazo para presentación de candidatos a Presidente da Federación (2 días hábiles seguintes a proclamación definitiva dos membros da Asemblea).
19 de novembro 2014	Publicación da lista provisional de candidatos a Presidente da FGB
20 e 21 novembro 2014	Prazo para presentar reclamacións ás listas provisionais de candidatos a Presidente da FGB
22 e 24 novembro 2014	Prazo de resolución das reclamacións ás listas provisionais de candidatos a Presidente da FGB
24 novembro 2014	Exposición da lista definitiva de candidatos a Presidente da FGB.
2 DECEMBRO 2014	<b>ASAMBLEA EXTRAORDINARIA. ELECCIÓN DO PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FGB.</b>
3 e 4 decembro 2014	Prazo para presentar reclamacións á elección do Presidente e Comisión Delegada da FGB.
5 e 9 decembro 2014	Prazo para resolución pola Xunta electoral das reclamacións á elección do Presidente e Comisión Delegada da FGB.
9 decembro 2014	Proclamación definitiva do Presidente e Comisión Delegada da FGB. Fin proceso electoral.





Data: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

## ELECCIONS A ASAMBLEISTAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO 2014

ESTAMENTO DE: DEPORTISTAS MASCULINOS

DEPORTISTAS FEMININOS

ADESTRADORES-TÉCNICOS

ÁRBITROS, OFICIAIS DE MESA E TÉCNICOS ARBITRAIS

CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS

<input type="checkbox"/>	_____
<input type="checkbox"/>	_____
<input type="checkbox"/>	_____
<input type="checkbox"/>	_____
<input type="checkbox"/>	_____
<input type="checkbox"/>	_____




NOTA: DEBERÁN MARCARSE CUNHA X NO RECADRO, OS \_\_\_\_ CANDIDATOS ELIXIDOS



**ELECCIONS A ASAMBLEISTAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO 2014**

**ESTAMENTO DE:** DEPORTISTAS MASCULINO  
DEPORTISTAS FEMININOS  
ADESTRADORES-TÉCNICOS  
ÁRBITROS, OFICIAIS DE MESA E TÉCNICOS  
CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS





**ELECCIONS A ASAMBLEISTAS DA  
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO 2014**

Secretaría Xeral para o Deporte  
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rmte: Nome e apelidos

**ESTAMENTO DE: DEPORTISTAS MASCULINO  
DEPORTISTAS FEMININOS  
ADESTRADORES-TÉCNICOS  
ÁRBITROS, OFICIAIS DE MESA E TÉCNICOS  
CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS**

